



Os scouts de Ourense aprenderán a salvar vidas nun taller no que participarán este sábado

Ourense, 04 de marzo de 2016

Mañá sábado, 5 de marzo, imos desenvolver un taller de primeiros auxilios no Espazo Xove da Casa da Xuventude de Ourense.

Na actividade **participarán os nosos rapaces e rapazas da nosa sección de Tropa, de entre 11 e 13 anos**, que forman parte do noso grupo scout. Con este tipo de actividades pomos en práctica a **educación pola acción**, fundamental no método scout, na que de xeito práctico os rapaces e rapazas logran aprender e fixar coñecementos útiles para a vida, tanto no presente como no seu futuro como persoas adultas.

Aprenderemos de xeito divertido un conxunto de actuacións e técnicas que permiten a atención inmediata de persoas accidentadas ata que chegue a asistencia médica profesional, e o xeito adecuado de actuar fronte a situacións de emerxencia.

Nesta ocasión contamos coa colaboración dunha profesional do campo sanitario que nos transmitirá os seus coñecementos sobre primeiros auxilios: **María Cristina Brosa Martin**, especialista en enfermería pediátrica e docente. A actividade **comezará as 11:00 h. no 5º andar do Espazo Xove (Casa da Xuventude de Ourense)** e, se o tempo acompaña, remataremos nos xardíns do campus universitario, finalizando ás 13:00 h.

Pola súa banda, **os rapaces e rapazas da sección Manda, de entre 8 e 10 anos, se desprazarán en bus ata a localidade de Perillo, en Oleiros (A Coruña), para realizar unha actividade federativa con nenas e nenos de outros grupos scout de Galicia**. O obxectivo da actividade é facer unha serie de accións de sensibilización sobre a diversidade funcional. A saída se producirá o sábado 5 de marzo as 8:15 no intercambiador de autobuses de detrás do IES das Lagoas, con volta as 20:30 no mesmo lugar.

Máis información:

Xulio López – Coordinador do Grupo Scout ILEX | Telf. 649 752 351 www.scoutsourense.org